



RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE XULLO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECE O PREZO DE MATRÍCULA NO CURSO 2019/20 PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS QUE NON TEÑA A CONDICIÓN DE RESIDENTE

De acordo co establecido no Decreto 73/2019, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2019/20, no seu artigo 2.5, cómpre que cada universidade do sistema universitario galego fixe un prezo para o alumnado a que se refire esta resolución, que oscilará entre o 25 % e o 100 % do custo de referencia para cada unha das epígrafes da tarifa primeira do anexo do decreto.

O custo de referencia quedou establecido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, polo que se fixaban os prezos de matrícula no curso 2012/13, en 5170,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe A do anexo do decreto, e en 3650,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe B do dito anexo.

De acordo co exposto, esta Reitoría

RESOLVE:

Establecer os prezos/crédito para o curso académico 2019/20 para o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente. Quedan excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea, os de países pertencentes ao espazo europeo de educación superior (EEES), aos que lles sexa de aplicación o réxime comunitario e os países con índice de desenvolvemento humano (IDH) medio e baixo segundo o anexo que acompaña esta resolución.

**Ensinanzas de grao**

Epígrafe A: 24,38 €/crédito

Epígrafe B: 17,24 €/crédito

**Ensinanzas de mestrado que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal europea aplicable e análogos (títulos vinculados con profesión regulada)**

Epígrafe A: 24,38 €/crédito

Epígrafe B: 17,24 €/crédito

**Outras ensinanzas de mestrado oficiais**

Epígrafe A: 58,02 €/crédito

Epígrafe B: 39,98 €/crédito

A Coruña, 17 de xullo de 2019

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



## ANEXO PAÍSES CON ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO MEDIO E BAIXO

<b>DESARROLLO HUMANO MEDIO</b>
Filipinas
Sudáfrica
Egipto
Indonesia
Viet Nam
Bolivia (Estado Plurinacional de)
Estado de Palestina
Iraq
El Salvador
Kirguistán
Marruecos
Nicaragua
Cabo Verde
Guyana
Guatemala
Tayikistán
Namibia
India
Micronesia (Estados Federados de)
Timor-Leste
Honduras
Bhután
Kiribati
Bangladesh
Congo
Vanuatu
República Democrática Popular Lao
Ghana
Guinea Ecuatorial
Kenya
Santo Tomé y Príncipe
Reino de Eswatini
Zambia
Camboya
Angola
Myanmar
Nepal
Pakistán
Camerún
<b>DESARROLLO HUMANO BAJO</b>
Islas Salomón
Papua Nueva Guinea
República Unida de Tanzania
República Árabe Siria
Zimbabwe
Nigeria
Rwanda
Lesotho
Mauritania
Madagascar



Uganda

Benin

Senegal

Comoras

Togo

Sudán

Afganistán

Haití

Côte d'Ivoire

Malawi

Djibouti

Etiopía

Gambia

Guinea

República Democrática del Congo

Guinea-Bissau

Yemen

Eritrea

Mozambique

Liberia

Mali

Burkina Faso

Sierra Leona

Burundi

Chad

Sudán del Sur

República Centroafricana

Níger